



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓN DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA A CELEBRACIÓN DA 20ª EDICIÓN DE XANTAR, SALÓN INTERNACIONAL DE TURISMO GASTRONÓMICO

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2019

REUNIDOS

Por unha banda, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro (DOG núm. 191, do 5 de outubro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Jesús Vázquez Abad, actuando en nome e representación da **Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE)**, na súa calidade de vicepresidente segundo e actuando coma vicepresidente executivo da entidade, segundo se desprende do artigo 24 dos Estatutos da fundación, visto o certificado emitido pola Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.

Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), entidade sen ánimo de lucro tal e como establece o artigo 4 dos seus estatutos, ten como obxecto destinar e afectar un patrimonio á realización de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen, entre os cales se sinalan a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais e calquera outra

que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia e o nivel profesional de todos os sectores da actividade económica contribuíndo á mellora do nivel de vida do medio urbano e rural. O Salón Internacional de Turismo Gastronómico é un evento organizado en exclusividade por Expourense para a promoción e fomento da actividade económica do sector turístico, que pola súa importancia está posicionado como un evento de prestixio no panorama peninsular.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- Que o Salón Internacional de Turismo Gastronómico é unha feira que chega á súa 20ª edición do 6 ao 10 de febreiro de 2019 e que congrega a milleiros de persoas, transformando o recinto de Expourense nun gran centro de restauración. Nesta edición o país convidado será Brasil.

Este ano, ademais da promoción das Festas Gastronómicas de Interese Turístico, continuarase a posta en valor da Ruta da Prata do Camiño de Santiago. Incidirase tamén no Camiño Portugués que desde Vila Real enlaza coa Vía da Prata e o Camiño da Costa. Dun xeito especial estará presente o Entroido, incidindo nas fortalezas desta festa en Galicia en xeral e de Ourense en particular.

Outros eventos enmarcados neste salón, como o Encontro Internacional de Confrarías Gastronómicas e Enófilas, motivarán a afluencia de asistentes. De xeito paralelo, celebrárase unha nova edición do Encontro Ibérico sobre Dieta e Saúde e dos Obradoiros Gastronómicos.

Ademais da promoción da gastronomía, Xantar é tamén o punto de encontro dos recursos turísticos das rexións participantes no salón. Sen saír do recinto feiral, o visitante pode coñecer os atractivos naturais, arquitectónicos, históricos e, por suposto, enogastronómicos, dos

distintos puntos xeográficos promovidos por organismos públicos (concellos, deputacións, padroados de turismo, etc...) que acoden a esta cita procedentes de toda España e Portugal.

Tanto para profesionais como para público xeral organízanse actividades como conferencias, presentacións, showcooking, exposicións de arte, obradoiros didácticos, cursos de cata e degustacións, entre outras moitas.

Cuarto.- Que o Plan Estratéxico do Turismo 2020, na súa Liña estratéxica 2, establece como obxectivo estratéxico 2.2 O impulso da enogastronomía galega, indicando que a enogastronomía debe ser un dos elementos tractores que permita alargar as tempadas do sector turístico galego, polo que é preciso definir estratexias de comercialización que a sitúen como motivación principal de visita.

Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio a este evento, xa que a gastronomía está posicionada como un dos reclamos turísticos máis importantes, polo que resulta conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración para a realización da 20ª edición de Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, buscando o fomento e promoción turística de Galicia a través da súa gastronomía. Así mesmo, Expourense como entidade organizadora é a única entidade coa que conveniar co obxecto descrito.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Expourense para a celebración da 20ª edición de Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico que se levará a cabo na cidade de Ourense do 6 ao 10 de febreiro de 2019, para promover o coñecemento da gastronomía galega como un dos elementos esenciais do desenvolvemento turístico de Galicia.

Segunda .- Orzamento e financiamento.

O orzamento de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 72.000€ que se distribúen do seguinte xeito:

MONTAXE (sets medios de comunicación, áreas entroido, degustacións festas gastronómicas, festas interese turístico, actuacións folclóricas, stand Turismo de Galicia...)	32.320€
SERVIZOS (limpeza, seguridade, azafatas, fotógrafo, vixilancia, informadores....)	4.780€
MISIÓN DE PRENSA	5.500€
DISEÑO IMAXE, DOSSIERES, LIBRO, DÍPTICOS, CARTEIS, IMPRENTA DIXITAL...	14.000€
PROMOCIÓN (Feiras, Presentacións, Publicidade en medios,...)	16.000€
TOTAL GASTOS	72.600€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia achegará a contía de 30.000€, a contía restante para completar a execución do proxecto correspóndelle á Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que Expourense obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, *Promoción e difusión do turismo*, código de proxecto 2013 00004, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2019, a favor de Expourense, unha vez que esta entidade achegue a documentación xustificativa indicada na cláusula sexta.

Terceira.- Compromisos das partes

1. Expourense queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente. Comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír a “Marca Turística de Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso. Así mesmo, deberá incluírse o logo do Xacobeo 2021.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización dun investimento por importe de 30.000€.

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso,

nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. Expourense será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Sexta.- Xustificación e pagamento

1.- A achega da Axencia Turismo de Galicia será librada previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, para o que Expourense deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- O prazo para xustificar por parte de Expourense remata o **30 de xuño de 2019**.

3º.- A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4º.- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por un representante designado por Expourense e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena.- Réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A declaración xudicial da nulidade do convenio.

Décimo primeira.- Publicidade do convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo cuarta.-Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman dous exemplares do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

O conselleiro de Cultura e Turismo

Román Rodríguez González



Pola Fundación Feiras e Exposicións de Ourense
EXPOURENSE

O vicepresidente executivo

Jesús Vázquez Abad



